



Programa de Atención a Inmigrantes
Concellería de Inmigración e Cooperación

IV CERTAME DE DEBUXO-PINTURA DÍA INTERNACIONAL
PARA A ELIMINACIÓN DA DISCRIMINACIÓN RACIAL

O obxectivo primordial deste certame é o de concienciar á poboación en xeral e, especialmente, á xente máis nova sobre a problemática da discriminación racial e a súa prevención, co motivo do DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA DISCRIMINACIÓN RACIAL.


BASES:

1. Poderán participar rapaces/zas dende os 6 anos en diante, sen límite de idade, empadroadas no Concello de Burela e/ou escolarizadas en calquera dos centros educativos do municipio.
Haberá 2 categorías: 6-12 anos e de 13 anos en diante
Categoría especial para membros de Asociación A Mariña e de Eu Son.
2. Técnica de debuxo libre.
3. Medida: Folio DIN A4.
4. Haberá un premio para cada categoría:
-Publicación dos debuxos seleccionado conmemorando o DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA DISCRIMINACIÓN RACIAL.
-Agasallo valorado en 60 euros para cada unha das categorías.
5. Os orixinais deberán enviarse sen asinar e acompañados dun sobre pechado cos datos persoais d@ autor@.
6. Os traballos poderán presentarse ou dirixirse ao Programa de Atención a Inmigrantes do Concello de Burela (Rúa Eijo Garay, 20 27880-Burela) ou nos Centros de Educación Primaria e Secundaria da localidade.
7. O prazo de recepción de orixinais finaliza o 15 de marzo do 2017.
8. A organización reservarase o dereito de facer as modificacións oportunas que poidan contribuir ó mellor desenvolvemento do Certame.
9. A organización reservarase o dereito a quedarse cos traballos presentados e de publicar os orixinais si fora o caso.
10. A participación neste certame supón a aceptación das presentes bases, das decisións do xurado e á renuncia a calquera reclamación.

Burela, 1 febreiro 2017

Angélica Gómez Sánchez
Concelleira de Inmigración e Cooperación





Concello de Burela

*Programa de Atención a Inmigrantes
Concellería de Inmigración e Cooperación*

IV CONCURSO DE LEMAS

*"21 de Marzo: Día internacional para a eliminación
da discriminación racial"*

OBXECTIVO DO CONCURSO:

Transmitir a través de mensaxes curtas a importancia da educación en igualdade e da necesidade da eliminación da discriminación racial.

BASES:

- 1) Poderán participar as persoas empadroadas no Concello de Burela e/ou escolarizados en calquera dos centros educativos do municipio.
- 2) Cada participante pode enviar ata un máximo de 5 lemas.
- 3) Cada participante proporalle á organización os lemas que elixiu enviando unha mensaxe de correo electrónico a integracioninmigrantes@burela.org, co asunto "IV Concurso de lemas - 21 de marzo: Día internacional para a eliminación da discriminación racial", no que incluírá o seu nome completo, idade, o seu número de teléfono e unha dirección de correo electrónico á que se poida responder.
- 4) O lema debe constar de sete palabras como máximo.
- 5) O lema debe ser o suficientemente significativo e estar relacionado co tema proposto.
- 6) Entre todos os lemas enviados escollerase un, que será o que distinga a celebración do Día Internacional para a eliminación da discriminación racial do ano 2018, e que será o gañador do premio valorado en 60€.
- 7) O xurado do concurso pode declarar deserto o mesmo.
- 8) O prazo de entrega rematará o 15 de marzo do 2017
- 9) A persoa gañadora accederá a que a organización recoñeza publicamente a autoría do lema e divulgue o seu nome. Conservará os dereitos intelectuais sobre o lema, pero renunciará a reclamar calquera tipo de compensación pola utilización do lema e por tempo indefinido en calquera mención presente ou futura por parte do Concello de Burela.
- 10) A participación neste concurso implica a aceptación de todas as bases.

Burela, 1 febreiro 2017

Angélica Gómez Sánchez
Concellería de Inmigración e Cooperación

